

O FOGAR

A casa está baleira. Vai ser alugada ou mercada ou esbarrallada. A filla sente unha dor no fondo do corazón e hai bágoas nos seus ollos. Silvia non sabe como chegou ese momento, despois de tanto tempo, ten que irse. Esa casa aínda que fai pouco fora o seu fogar, agora só é unha máquina de crear recordos dolorosos. Alí foi onde María, a súa nai, faleceu traxicamente uns meses atrás.

Ela só pode desexar que os novos donos que a ocupen non a estraguen moito. Despois de moito chorar e chorar, Silvia sabe que ten que marchar, porque se segue alí xa non marchará xamais.

Silvia bota a voar e, mentres voa, pensa “deixar o fogar sempre é difícil”, aínda que sexa a casa de madeira dun paxaro.

Noelia Cabaleiro 3°C